

Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2022-2023

- Réxime ordinario

Instrucións do procedemento vía web para:

- Solicitar/reservar matrícula
- Renunciar á praza adxudicada

Versión 1 (Actualizado 11/07/2022)



Índice

1	Introdución.....	3
2	Autenticación no sistema de usuarios da consellería.....	3
	2.1. Identificación con usuario e contrasinal.....	3
	2.2. Identificación con código de solicitude.....	4
3	Procedemento de matrícula na praza adxudicada.....	6
4	Procedemento de renuncia á praza adxudicada.....	9



1 Introducción

En cada adxudicación as persoas ás que se lles adxudica algunha praza no réxime ordinario (en grao medio ou en grao superior) que estean autenticadas no sistema, poderán:

- **Matricularse:** deberase facer, nos prazos establecidos, no centro adxudicado ou vía web, a través da aplicación informática Ciclosadmisión. Coa matrícula finaliza a participación no proceso de admisión, non será adxudicada noutras prazas e será eliminada de calquera listaxe de espera do proceso.
- **Renunciar á praza:** deberase facer, nos prazos establecidos, en calquera centro público de Galicia con oferta de FP, ou vía web a través da aplicación informática Ciclosadmisión. A renuncia afectará á praza que lle foi adxudicada e a todos os ciclos solicitados con menor preferencia. Tras a renuncia, permanecerá nas listaxes de espera das súas opcións de maior preferencia. Non é posible renunciar cando a adxudicación corresponde ao ciclo solicitado en primeira opción.

Tanto a matrícula como a renuncia a unha praza adxudicada son procesos **irreversibles**. Cómpre lembrar que:

- Non matricularse nin renunciar, no prazo establecido para cada adxudicación, en prazas adxudicadas do réxime ordinario, supón a renuncia ao proceso de admisión para ese réxime e grao.
- Estar matriculado en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión a ciclos formativos.
- As persoas admitidas (seleccionadas) para un proxecto de FP dual ou con praza adxudicada en cursos de especialización, quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario e no réxime para as persoas adultas.

2 Autenticación no sistema de usuarios da consellería

2.1. Identificación con usuario e contrasinal

É moi probable que ás persoas solicitantes no proceso de admisión que puxeron como dato un correo electrónico válido lles chegue un correo cun texto similar ao seguinte:

ALTA NOVO USUARIO:

Comunicámoslle que, segundo os datos que figuran na base de datos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, se solicitou a creación dunha conta de correo persoal.

Para activar a conta, debe acceder ao seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/XestionContaIn.do?operacion=alta>

Debe realizar a activación cos seguintes datos:

Código de activación: XXXXXX

Dispón de dez días, desde a recepción deste código, para formalizar a activación da conta.



A través das instrucións do correo creouse (ou púidose crear) un nome de usuario para acceder á aplicación Ciclosadmisión, e permitir diversas xestións como, por exemplo, informarse sobre o seu expediente no proceso.

Todas as operacións sobre a conta de usuario e o contrasinal (como solicitar un novo PIN/código de activación, lembrar o nome da conta, lembrar ou modificar un contrasinal) poden xestionarse en: <https://www.edu.xunta.gal/contausuario>

Para calquera dúbida sobre a autenticación e a conta de usuario cumprirá contactar coa UAC no teléfono 881 997 701 ou enviando un correo a uac@edu.xunta.gal

Se ten un usuario e contrasinal de NERTA tamén o pode empregar para acceder á aplicación Ciclosadmisión.

2.2. Identificación con código de solicitude

Na aplicación poderase acceder directamente á pantalla para solicitar a matrícula en prazas adxudicadas empregando o DNI/DOI e o código da solicitude na que se ten a praza adxudicada.

Primeiro hai que seleccionar na pantalla de inicio da aplicación o modo de autenticación (Reserva de prazas adxudicadas/Anulación da reserva).

CiclosAdmisión

Inicio

Benvindos a Ciclosadmisión

Ciclosadmisión é unha aplicación desenvolvida pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para xestionar:

- **Admisión aos ciclos formativos** de grao medio e de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- **Bolsas retorna:**
 - Para acceder ás bolsas retorna debe premer no menú no apartado 17, "Bolsas retorna" e seleccionar a opción desexada.
 - Pode facer unha nova solicitude, apartado 17.1.
 - Completar un borrador, apartado 17.2 (un borrador é unha solicitude non entregada).
 - Consultar as solicitudes realizadas 17.3.
 - Achegar documentación 17.4.
 - Reenviar código de solicitude 17.5.

Cando se lle solicite o DNI ou DOI (Documento oficial de identidade) deberá poñer sempre as letras en maiúsculas.

Na admisión a ciclos formativos durante o período de tempo comprendido entre a finalización dunha adxudicación e a seguinte as persoas inscritas aparecen no historial para o ano en curso como "Información non dispoñible temporalmente".

Admisión FP: [Reserva de prazas adxudicadas/Anulación da reserva](#)

Admisión FP: [Alta de solicitude \(con certificado dixital ou conta "edu.xunta.es"\)](#)

Admisión FP: [Alta de solicitude sen certificado dixital nin usuario](#)

Admisión FP: [Impresión dunha solicitude feita anteriormente](#)

Despois hai que escribir o número do documento oficial de identidade (DNI, NIE ou pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de admisión e o código da solicitude na que se ten a praza adxudicada.

ciclosadmission

1 Inicio
17 Bolsas retorna

Reservar/Matricular prazas adxudicadas

Filtros

DOI/DNI

Código de Solicitud

Buscar Volver

Localización do código de solicitude.




CONVOCATORIA: Ordinaria	GRAO: Superior	RÉXIME: Ordinario	MODALIDADE:
PROCEDEMENTO ADMISIÓN A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E DE GRAO SUPERIOR NO RÉXIME ORDINARIO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS		CÓDIGO PROCEDEMENTO ED519A	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

3 Procedemento de matrícula na praza adxudicada


A matrícula nunha praza adxudicada deberase facer, nos prazos establecidos, no centro adxudicado ou vía web, a través da aplicación informática Ciclosadmisión. Coa matrícula finaliza a participación no proceso de admisión; non será adxudicado noutras prazas e será eliminado de calquera listaxe de espera do proceso. Para a solicitude de matrícula vía web de prazas adxudicadas deberase acceder ao enderezo: www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión

Despois de identificarse no sistema co seu usuario e contrasinal prema na pestana "2 Solicitantes" do menú da aplicación; verá unha pantalla similar a esta:



No menú "2 Solicitantes" débese elixir "2.2 Reserva/Matrícula" e a continuación "2.2.1 Reserva/Matrícula WEB". Sairá unha ventá similar á seguinte, na que terá que seleccionar a pestana correspondente ao réxime ordinario. Daquela, hai que ir a seleccionar o grao e marcar "Medio" ou "Superior":

Reserva prazas adxudicadas



Se accedeu á aplicación empregando o código de solicitude entrará directamente na pantalla de reserva de prazas do réxime ordinario. Verá unha pantalla similar á seguinte:



Reservar prazas ordinario

- As persoas que realicen reserva de matrícula por este procedemento quedarán excluídas do sistema de adxudicación dos outros réximes. Soamente continuarán participando nas adxudicacións dos módulos solicitados que estean en espera do centro e ciclo no que fagan a reserva inicial.
A vantaxe deste procedemento é que non será necesario acudir a matricularse en cada adxudicación ao centro.
Pode consultar os detalles deste procedemento neste documento.

Lembre que anular a reserva dunha adxudicación anterior é irreversible.

Atención: para a reserva de prazas en modalidade presencial é imprescindible coñecer o horario de impartición dos módulos.

Listaxe ciclos do Alumno:

Fase Activa: 2ª Adxudicación (Superior)

Table with columns: Fase, Grao, Centro, Convocatoria, Ciclo, Estado, Opcións. Row 1: 2ª Adxudicación, S, CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel, Xuño, CSIFC01-Grao Superior en Administración de sistemas informáticos en rede, Adxudicado, Solicitar matrícula.

Verá os datos da praza adxudicada. Se desexa solicitar a matrícula nesa praza prema en "Solicitar matrícula" na columna "Opcións". Accederá a unha nova pantalla cos datos da praza na que vai solicitar matrícula, e dous botóns: "Confirmar" e "Volver".

Reservar prazas ordinario

Vai a solicitar realizar a matrícula en:

Formulario 'Datos da reserva' with fields for Centro, Réxime, Grao, Ciclo.

ATENCIÓN. Esta acción é irreversible.

Unha vez confirmada a solicitude de matrícula finalizará a súa participación no proceso de admisión de formación profesional para todos os réximes e modalidades.

Confirmar Volver

Se desexa continuar co procedemento de solicitude de matrícula prema no botón "Confirmar". Como se trata dunha acción irreversible aparecerá unha ventá para que acepte no caso de estar seguro ou cancele no caso contrario. Será similar á que se amosa:

Reservar prazas ordinario

Vai a solicitar realizar a matrícula en:

Formulario 'Datos da reserva' with a modal dialog box 'Mensaje de página web' overlaid.

ATENCIÓN. Esta acción é irreversible.

Unha vez confirmada a solicitude de matrícula finalizará a súa participación no proceso de admisión de formación profesional para todos os réximes e modalidades.

Confirmar Volver

Se acepta, na nova pantalla aparecerá unha mensaxe de confirmación da operación "Operación realizada con éxito" e poderá descargar un documento en formato PDF como resgardo da solicitude de matrícula.

Garde e imprima o resgardo da matrícula, contén información relevante sobre a matrícula e o proceso de admisión. Tamén ten a información da entidade bancaria e do número de conta para efectuar o **pagamento do seguro escolar** para aquelas persoas obrigadas ao seu pago. O centro solicitaralle o resgardo do pagamento do seguro escolar para iniciar as actividades lectivas. O centro tamén lle poderá solicitar calquera outra documentación que considere se precisa efectuar comprobacións dos requisitos de acceso ou dos datos de identidade. O aspecto do resgardo será similar ao da imaxe:



RESGARDO DA SOLICITUDE DE MATRÍCULA EN PRAZAS ADXUDICADAS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF/PASAPORTE	DATA DE NACEMENTO
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO, ANDAR) Carballo 6			ENDEREZO	
PROVINCIA Lugo	CONCELLO Guitiriz	CÓDIGO POSTAL 27388	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL

DATOS DA PRAZA

Centro: 1502260 - CIFP Ánxel Casal - Monte Alto
Réxime: Ordinario
Grao: Superior
Ciclo: CSSSC01 - Educación infantil
Data de efecto da matrícula: 13/07/2021 09:07

Este documento é un resgardo da solicitude de matrícula na praza adxudicada, a todos os efectos ten consideración de matrícula definitiva na praza e polo tanto pon fin a súa participación no proceso de admisión a ciclos formativos de formación profesional para todos os réximes e modalidades.

O carácter definitivo da matrícula queda condicionado a:

- Que exista un número mínimo de solicitudes de matrícula admitidas segundo o establecido na normativa vixente.
- Que se entregue a documentación que solicite o centro no caso de precisar calquera comprobación documental dos requisitos de acceso a ciclos ou dos datos de identidade.

- Que se presente o resgardo de abono do seguro escolar (ou ser unha persoa excluída do seu pago) cando o solicite o centro ou, en todo caso, no inicio do curso escolar.

Seguro escolar: Están obrigadas ao seu pagamento as persoas menores de 28 anos. Deberán abonar 1,12 euros en:


Entidade bancaria:

Número de conta:

4 Procedemento de renuncia á praza adxudicada

A renuncia á unha praza adxudicada deberase facer, nos prazos establecidos, en calquera centro público de Galicia con oferta de FP, ou vía web a través da aplicación informática Ciclosadmisión. Para a renuncia vía web de prazas adxudicadas, deberase acceder ao enderezo: www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión

Despois de identificarse no sistema co seu usuario e contrasinal prema na pestana “2 Solicitantes” do menú da aplicación; verá unha pantalla similar a esta:



1 Inicio

2 Solicitantes

2.1 Consulta solicitudes

2.2 Reserva/Matrícula

2.3 Renunciar vía WEB

2.4 Renunciar no centro


Inicio

Benvidos a Ciclosadmisión

Ciclosadmisión é unha aplicación desenvolvida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para xestionar:

- **Admisión aos ciclos formativos** de grao medio e de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.
 - O asistente web para realizar unha solicitude de admisión a ciclos formativos só estará dispoñible durante os periodos de presentación de solicitudes.

A continuación seleccione no desplegable “2.3 Renunciar vía WEB”, a continuación prema no “2.3.1 Réxime ordinario” e siga as instrucións que aparecen na pantalla.



1 Inicio

2 Solicitantes

2.1 Consulta solicitudes

2.2 Reserva/Matrícula

2.3 Renunciar vía WEB

2.3.1 Réxime ordinario

2.3.2 Cursos de especial...

Renuncia Ordinario

Filtros

Grao

Medio

Buscar

Lembre que a renuncia á praza adxudicada é un proceso irreversible.